



PLAN DIXITAL

CEIP Víctor Sáenz

[Versión 3.0_ outubro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** CEIP Víctor Sáenz
- **Dirección:** San Cosme de Antes nº 35 CP. 15256 Mazaricos (A Coruña)
- **Correo:** ceip.victor.saenz@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorsaenz/>
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Educación Primaria
- **Número de alumnado:** 66
- **Número de profesorado:** 11+1 mestra de A.L. que itinera ao noso centro.

O CEIP Víctor Sáenz é un Centro de Educación Infantil e Primaria situado na zona de San Cosme, Concello de Mazaricos. Algúns dos seus datos legais de interese son os que seguen:

Zona Educativa	Mazaricos
Código do centro	15008490
C.I.F.	Q 6555031 A
Teléfono	881866101-881866102
Fax	881866103
Blog da Biblioteca antigo	bibliovictorsaenz.blogspot.com/
Blog da Biblioteca novo (agueiro)	https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=86498

Segundo a **Orde do 6 de xullo de 2015** pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, o centro conta con 1 unidade de educación infantil e 3 de primaria. Este ano, tendo en conta a funcionalidade, o centro conta provisoriamente cunha aula máis de educación infantil e outra de educación primaria. Tendo este último punto en conta, as unidades deste centro quedarían repartidas da seguinte maneira no curso 2023/2024:

COMPOSICIÓN	
Unidades de Educación Infantil	2
Unidades de Educación Primaria	4
TOTAL	6

O **persoal docente** do centro componse dun total de 12 mestres e mestras distribuídos da seguinte maneira:

CLAUSTRO	
Educación Infantil	2
Educación Primaria	4
Música	1

Educación Física/Dirección	1
Lingua Extranxeira: Inglés	1
Audición e Linguaxe (itineraria ao noso centro dende o C.P.I. de A Picota)	1
Pedagogía Terapéutica (itineraria ao C.E.I.P. de Dumbría)	1
Relixión (itineraria ao C.P.I. de A Picota)	1
Departamento de Orientación	0

O número total de alumnado no C.E.I.P. Víctor Sáenz é de 66, os cales están repartidos en 3 cursos de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. Como señalei anteriormente, á súa vez estes alumnos e alumnas están divididos en 2 unidades en Educación Infantil, unha de 3 anos e outra de 4/5 anos, e 4 unidades en Educación Primaria, 1º e 2º xuntos, 3º e 4º separados e 5º e 6º xuntos.

Educación Infantil (EI)	Aula 4º EI	4º EI	8 alumnos/as
	Aula 5º e 6º EI	5º EI	7 alumnos/as
		6º EI	7 alumnos/as
Educación Primaria (EP)	Aula 1º- 2º EP	1º EP	3 alumnos/as
		2º EP	11 alumnos/as
	Aula 3º EP	3º EP	8 alumnos/as
	Aula 4º EP	4º EP	12 alumnos/as
	Aula 5º- 6º EP	5º EP	4 alumnos/as
		6º EP	6 alumnos/as
TOTAL			66

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP "Víctor Sáenz" está situado na parroquia de San Cosme de Antes, ao nordés do concello de Mazaricos. No centro escolarízanse nenos e nenas de tres concellos: Santa Comba (Parroquia da Pereira), Zas (parroquias de Brandomil e Brandoñas), Mazaricos (San Cosme de Antes, Alborés, As Maroñas e San Fins de Eirón). Santa Comba e Mazaricos son os referentes económicos e administrativos da zona.

A maioría das familias adócanse a agricultura e gandería, se ben, cada vez máis familias adócanse a outras actividades.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, estableceu no artigo 121 que o Proxecto Educativo do Centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro. Derivado desta normativa, dende entón, o centro conta cun Plan TIC de referencia aos aspectos dixitais no centro. No noso centro en cursos anteriores realizáronse actividades de formación do profesorado, a través de plans de formación no propio centro, por exemplo, un PFPP sobre o uso do iPad nas

aulas. Ademais, o fai dous cursos recibimos formación en aulas virtuais que nos permitiu actualizar as aulas virtuais de 3º a 6º de Educación Primaria.

Dende o curso 2017-18 contamos cunha Radio Escolar, Radio Rosiña.

No curso 2018-19 a promoción de 6º de Educación Infantil gañou o I Certame Podcasts-Radio na biblioteca, organizado pola Consellería de Educación en colaboración coa Radio Galega. Dende entón é un recurso moi utilizado e tanto o alumnado coma o profesorado están a recibir formación. Dende o curso 2010-11, participamos no Plan de Mellora das Bibliotecas de Galicia, contamos no centro, ademais dos blogs de aula, cunha páxina web e un blog da biblioteca con actualizacións periódicas das novidades, actividades e proxectos que desenvolvemos no centro.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, dita instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, e especifica que cada centro debería elaborar un Plan Dixital no curso pasado. Para formarnos nesta tarefa, a maior parte do profesorado participamos nun itinerario PFPP a través dun grupo de traballo de “Deseño e elaboración do Plan Dixital do centro”, no curso 22-23. Ademais, 3 profesores do claustro, participaron no curso virtual da Fundación de Axuda contra as Drogodependencias (FAD) “A Transformación Dixital do Centro: O reto dos equipos directivos” coa finalidade de formar e axudar no asesoramento ao resto do profesorado na elaboración do Plan Dixital.

No que se refire á incardinación e contribución deste documento ao proxecto educativo, pasa a ser un referente que pretende axudar a levar a cabo, os obxectivos que xa se viñan formulando en cursos anteriores no plan TIC do noso centro. Cabe destacar os seguintes:

- Integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación nas tarefas que se realizan no Centro, de modo que profesorado e alumnado as utilicen como unha ferramenta máis nos procesos de ensino-aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso á información de todos os cidadáns en igualdade de condicións.
- Adquirir nocións operacionais básicas no uso da informática como ferramenta.
- Proporcionar soporte técnico para a realización de programas formativos, fomentando deste xeito o traballo en equipo.
- Compartir experiencias, ideas, información con outros mestres e mestras a través do correo electrónico, os grupos de noticias, páxinas Web, o chat...
- Utilizar as ferramentas informáticas para o traballo cotiá e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas, etc.
- Desenvolver experiencias co uso das TIC's nas áreas e niveis.
- Formar en novas tecnoloxías.
- Potenciar o desenvolvemento cognitivo e aprendizaxe innovadora co alumnado, mediante novas contornas que favorezan o desenvolvemento de habilidades, destrezas e adquisición de coñecementos relacionados TIC.
- Conseguir que o alumnado adquira nocións operacionais básicas no uso da informática como ferramenta.
- Impulsar o uso racional e crítico das NNTT, capacitándoos para entender e expresarse a través delas.
- Iniciar a alfabetización tecnolóxica do alumnado, polo seu carácter de zona rural con ampla dispersión das familias, como medio de integración social e cultural.

- Favorecer a utilización do computador, táblet e Internet, como ferramenta imprescindible para o acceso á información e a construción do coñecemento no ámbito escolar, e como preparación para a nova sociedade, no que comezan a ser indispensables en todos os ámbitos.
- Continuar coa elaboración de contidos tanto no blog como na páxina web.
- Mellorar a comunicación entre o profesorado, alumnado e familias, ampliando a oferta formativa e as posibilidades que as NNTT nos ofertan.
- Modernizar e axilizar a xestión do centro.

Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudo e estruturado de todos eles.

Dentro do Plan Dixital contémpanse varias actuacións que permitirán ampliar e reforzar as actuacións propostas nestas liñas dentro da PXA do curso seguinte en relación coa do curso actual. Ao mesmo tempo, ao contar con ferramentas de avaliación específicas para cada unha destas medidas, e sistemas cuantificables de rendemento, será fácil levar a cabo a avaliación do plan e analizar o seu éxito, puntos de mellora e mesmo obxectivos para continuar coa súa integración e mellora nos sucesivos cursos escolares. Intentarase sempre ampliar o seu impacto nas máximas áreas posibles do quefacer diario do centro, procurando o emprego das TIC como ferramenta que axude, axilice e mellore todos os procesos nos que interveñan.

1.3 Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 37.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Artigo 18 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre do curso 21-22 realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre do mesmo curso académico implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital do profesorado do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro, facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona, establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. A realización das mesmas axudou a ter unha temporalización organizada para o desenvolvemento do presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Con respecto á **infraestrutura dixital** do noso centro, a conexión a internet é moi boa. Todas as aulas contan con puntos de rede e antena Wi-Fi (instalada a través do programa Escolas Conectadas do Ministerio de Educación). A velocidade é de 300/400 MB para cable e moi boa tamén para wifi. O sinal chega a través de fibra óptica.

No noso centro contamos con dúas liñas de telefonía ubicadas no despacho de dirección e en secretaría.

En canto ao **equipamento dispoñible** diferenciamos varias categorías:

- **Aulas dixitalizadas** con conectividade e posibilidade de visualización e interacción: no noso centro contamos con catro aulas con PDI e con cinco aulas con encerado dixital e proxector. A maiores contamos con dez proxectores. Todas as aulas do centro contan con portátiles algúns de Consellería e outros adquiridos polo centro.
- **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** non despacho de dirección (compartido con orientación) cóntase cun equipo de sobremesa con impresora de inxección de tinta a cor. En secretaría hai dotación dun ordenador de sobremesa.
- **Uso na biblioteca:** hai catro equipos na biblioteca. Un deles para xestión de préstamos por parte do profesorado e outros tres para uso do alumnado na realización de actividades académicas. Contase con impresora.
- **Equipos para uso na sala de profesorado:** existe dous equipos de sobremesa para uso do profesorado pero un deles está obsoleto e non permite un traballo fluído. Dispoñemos de 8 l-pads para uso do profesorado. Contamos cun sala de reprografía con dúas fotocopiadoras.

- **Aula de informática:** contamos na aula de informática con 12 portátiles novos e contamos con 2 equipos para o profesorado pero non funcionan axeitadamente o que fai que se teñan que utilizar equipos persoais.
- **Iniciativas da Consellería:**
 - Contamos con tres equipos de redución da fenda dixital compostos de ultraportátil e router WIFI.
 - **Radio escolar:** contamos cunha zona de radio completamente operativa implantada grazas a á financiación da ONG Axuda en Acción.
- **Proxectos específicos alleos á Consellería:**
 - **Táblets:** contamos con 10 táblets financiadas tamén pola ONG Axuda en Acción.

No noso centro educativo dispoñemos tanto de páxina web a través do programa de Webs Dinámicas (Drupal) coma dun blog de biblioteca externo no que actualizamos o día a día das actividades e proxectos realizados no noso centro. Este blog tivemos que abandonalo a causa dun Phishing e abrir outro na plataforma de Agueiro.

Contamos tamén con aulas virtuais para o alumnado. Ademais, dende hai varios cursos estivemos utilizando Tokapp, unha aplicación móbil de mensaxería instantánea mediante a que comunicamos todo tipo de información, avisos, recordatorios ou circulares ás familias. Á súa vez, tamén se fai uso de servizos dixitais para a creación de recursos coma Canva ou Genially, así coma distintas aplicacións educativas para a xestión da aula como ClassDojo.

Para o mantemento dos equipamentos e infraestruturas do centro mantense contacto coa UAC no caso de calquera tipo de incidencia.

A continuación deixamos enlaces aos protocolos do centro que teñen relación coas TIC.

- Plan TIC: dispoñible na PXA na páxina 58 [no seguinte enlace](#)
- Plan de Continxencia: dispoñible [no seguinte enlace](#)

2.4. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	3,1
	Alumnado	4,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4,8
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	3

profesional continuo	Profesorado	4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,3
	Profesorado	2,5
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2,9
	Alumnado	4,1

Test CDD: Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	5	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	72,2	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	70	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	4	40%
B1	6	60%
B2	-	-
C1	-	-
C2	-	-

TOTAL	10	100%
--------------	----	------

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.5. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1 No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podemos utilizar no noso traballo como docente</p> <p>C3 O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>C5 A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>C7 No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>C8 No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise</p> <p>C14 No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p>	<p>C10 No noso centro, non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>PEC 1.3 A web é mellorable en canto a estrutura</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>D1 O noso equipo directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>D2 Temos acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>D3 O noso equipo directivo axúdanos a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais</p> <p>E1 Buscamos recursos educativos dixitais en internet</p> <p>E4 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para as comunicacións relacionadas coa Comunidade Educativa</p> <p>F1 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para adaptar o noso método de ensino ás necesidades individuais do alumnado</p> <p>F4 Levamos a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motiven o alumnado</p> <p>F3 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado</p> <p>F5 Empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>F6 Fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p> <p>PEC 1.2 O profesorado participa en formacións individuais</p>	<p>B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B2 No noso centro non comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais</p> <p>E2 Creamos poucos recursos dixitais para reforzar o noso método de ensino</p> <p>E3 Non utilizamos suficientemente ambientes virtuais de aprendizaxe co alumnado</p> <p>E5 Non utilizamos recursos educativos abertos axeitadamente</p> <p>G1 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado</p> <p>G3 Non empregamos as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>G5 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p> <p>G6 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros</p> <p>G8 Non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe</p> <p>G9 Non utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe</p> <p>G10 Non valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo</p> <p>FNAM e PT tempo insuficiente para desenvolver en xeral a competencia dixital e en concreto na elaboración de material de aprendizaxe</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>H1 e H2 No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade e responsabilidade en internet</p>	<p>H4 No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é</p>

		<p>fiable e precisa</p> <p>H6 No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet</p> <p>H7 No noso centro o alumnado non aprende a crear todos os contidos (excepto a radio).</p> <p>H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais</p> <p>H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar</p> <p>H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais</p> <p>PEC 4.3 O alumnado non é coñecedor das vantaxes do software libre.</p>
FAMILIAS	<p>PEC 3.3 fluidez das comunicacións do centro coas familias</p> <p>As familias colaboran economicamente nas actividades culturais do centro</p>	
OFERTA	Existen obradoiros de TIC para o alumnado de 3º a 6º de EP fóra do horario escolar	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2 O noso equipo directivo implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro</p> <p>A4 No noso centro temos tempo para explorar como mellorar o noso método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>A3 Contamos co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais</p> <p>B4 No noso centro colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>C11 No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C12 No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C14 No noso centro, o equipo directivo organiza de tal xeito que os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>H10 O noso equipo directivo garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias</p> <p>PEC 2.2 e PEC 3.1 O centro promove a participación en PFPF</p>	<p>A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital</p> <p>A5 No noso centro non utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e aprendizaxe</p> <p>C13 No noso centro o alumnado no pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.</p> <p>C16 No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p> <p>G7 O noso equipo directivo non facilita e non xera debate para usar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación</p> <p>PEC 2.1 non se promove o uso de software libre</p> <p>FLUT O uso da tecnoloxía está limitado pola falta de tempo do profesorado e a baixa competencia do alumnado e necesidade de formación do profesorado</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>O centro é solvente economicamente grazas a plans da Consellería.</p> <p>A formación da Administración é variada e adáptase ás necesidades do profesorado</p> <p>Estamos nunha época de cambio e de potenciación das tecnoloxías da información e da comunicación froito da recente pandemia na que nos atopamos.</p>	<p>Excesiva burocracia</p> <p>As demandas que se fan á administración educativa en canto equipos e material tecnolóxico tende ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p> <p>As respostas ante incidencias técnicas e a resposta externa do entes implicados (AMTEGA, UAC) en ocasións son longas e desmoralizan á Comunidade Educativa.</p> <p>Existencia dunha persoa con destino no propio centro e con dispoñibilidade horaria e formación para impulsar o Plan Dixital. E no seu defecto que as persoas mentoras sigan liberadas para seguir apoiando na posta en marcha do PD</p>
	LEXISLACIÓN		Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.
	CONTORNA	A Comunidade Educativa colabora estreitamente e ten moi boa relación co centro educativo.	<p>FNAM Mala conectividade nos domicilios do alumnado</p> <p>FNAM baixa competencia dixital das familias e necesidade de mellora no compromiso de estimulación da motivación do aprendizaxe do alumnado</p> <p>UT al. O alumnado non emprega as TIC para a aprendizaxe na casa pero si fan un uso excesivo dela para o ocio</p> <p>Escasez de oferta cultural</p>
	ANPA	As familias colaboran en funcións que repercuten positivamente ao centro	Nova directiva que supón unha oportunidade para o centro.
	OUTRAS ENTIDADES	Boas relacións con "Ayuda en Acción" que colaboran con	Escasa existencia de entidades colaboradoras

		<p>centro no enriquecemento formativo e tecnolóxico do mesmo. Apoian tamén economicamente. B3 No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras Organizacións B4 No noso centro colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p>	<p>(asociacións, fundacións...) na contorna máis próxima</p>
--	--	--	--

Unha vez analizado os distintos métodos de recollida de información, ponse que o noso centro precisa seguir aprofundando en formación sobre aprendizaxe baseada en proxectos. O curso pasado a dotación da consellería mellora a nosa situación en canto a infraestrutura tecnolóxica (novos Paneis Dixitais Interactivos. Renovouse ademais o blog da biblioteca pasándoo a Agueiro (contorna Xunta). Coa inminente chegada da aplicación inventario será preciso enfocar esforzos a súa posta en marcha.

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

3.4. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a idiosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

Área de mellora: D - Desenvolvemento Profesional Continuo						
OBXECTIVO 1 :	Formar ao profesorado na aprendizaxe baseada en proxectos (D1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado anotado nunha liña de PFPP de ABP que supera o curso.					
Valor de partida	0% do profesorado anotado nunha liña de PFPP de ABP supera o curso.					
Valor previsto e data	55% o profesorado anotado nunha liña de PFPP de ABP supera o curso.			15 de maio de 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1 Comunicar opcións de formacións PFPP entre elas aprendizaxe baseada en proxectos.	Equipo Directivo	15/10/23	Claustro Orde do día. Posibles liñas de PFPP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2 Contactar coa persoa asesora do CAFI para traslado das informacións	Equipo Directivo	31/10/23	Correo electrónico persoa asesora CAFI. Listado persoas interesadas en formacións PFPP e liñas a solicitar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3. Selección persoa coordinadora PFPP e deseño das horas de docencia e calendario oficial das mesmas.	Equipo Directivo Persoa coordinadora da liña de PFPP	20/05/24	Contacto persoa/s formadora/s. Número de docencias a desenvolver. Ter claras as necesidades do profesorado participante.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4 Elaboración da memoria do PFPP,	Persoa coordinadora da liña de PFPP	20/05/24	Actas Material de seguimento		Realizada	
					Aprazada	

actas...			(publicacións web de ser o caso)		Pendente
----------	--	--	----------------------------------	--	----------

Área de mellora: A - Liderado

OBXECTIVO 2 :	Elaboración dun inventario do material dixital do centro (A1)	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de aulas inventariadas do centro	
Valor de partida	0% de aulas inventariadas do centro	
Valor previsto e data	55% de aulas inventariadas do centro	Xuño 2024

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1. Revisión e comparación do material inventariado en XADE de ser o caso.	Secretario do centro Persoa coordinadora do equipo TIC	31/12/2023	Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2 Reunión co asesor Adix para deseñar un posible documento odt ou excel para importación de material aula a aula	Persoa coordinadora do equipo TIC	31/12/2023	Contacto coa persoa asesora Adix Documento odt ou excel		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.3 Selección e formación do profesorado implicado no inventariado	Todo o profesorado	31/12/2023	Reunión / Claustro inicial.			
AO2.4 Elaborar un calendario de inventariado por aulas.	Equipo Directivo Persoa coordinadora do equipo TIC	31/12/23	Equipo informático. Listado de persoas implicadas. Calendario oficial por aulas (por trimestres)			
AO2.5 Revisión dos arquivos co material inventariado antes da subida a aplicación oficial	Persoa que ostente a Secretaría do centro. Persoa coordinadora do equipo TIC	Xuño 2024.	Arquivos co material inventariado. Equipo informático.			
AO2.6 Subida á aplicación Inventario os arquivos de material inventariado.	Secretaría do centro. Persoa coordinadora do equipo TIC	Xuño 2024.	Arquivos co material inventariado. Equipo informático.			

Área de mellora: Infraestrutura e equipamentos (C)							
OBXECTIVO 3 :	Conectar o equipamento do centro á rede WIFI da Consellería (C1, C2)					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos inventariados do centro						
Valor de partida	0% de equipos inventariadas do centro						
Valor previsto e data	55% de equipos inventariadas do centro					Xuño 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			

				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1 Facer estudo dos equipos para os que é necesaria unha conexión á rede wifi edu.xunta.gal.	Equipo Directivo Persoa coordinadora do equipo TIC	30/06/2024	Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2 Creación de contas de usuario e contrasinais na aplicación https://www.edu.xunta.gal/contausuario	Equipo Directivo Persoa coordinadora do equipo TIC	30/06/2024	Acceso á aplicación. Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3 Configuración e conexión dos equipos establecidos á rede wifi edu.xunta.gal.	Persoa coordinadora do equipo TIC	Finais primeiro trimestre	Instrucións enviadas polos servizos dixitais educativos da consellería. Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4 Elaboración dun documento recollendo os datos de conexión de cada dispositivo.	Persoa coordinadora do equipo TIC	Finais do primeiro trimestre.	Equipamento informático.			
AO3.5 Renovación de credenciais e actualización do documento.	Equipo Directivo Persoa coordinadora do equipo TIC	Cada 3 meses	Equipamento informático.			

3.5. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto a **infraestrutura dixital** é preciso un sistema de almacenamento vencellado á rede (NAS) para o respaldo da información do noso centro.

Necesítase unha mellora en canto á infraestrutura de rede do noso centro.

No centro destacamos a necesidade de facer unha **mellora no equipamento tecnolóxico** existente:

Aulas dixitalizadas:

- Novos proxectores e tableiros dixitais para as aulas ou pantallas táctiles. O número total necesario ascendería a 12.
- Ordenadores portátiles para as aulas do centro. O número total ascendería a 10.

A dotación deste material é necesaria para poder desenvolver correctamente actividades de afondamento coas TIC tanto co o profesorado como co alumnado.

Uso na biblioteca: sería preciso unha PDI para poder desenvolver actividades interactivas a través dos distintos obradoiros que, xa dende hai anos, se fan nese espazo no noso centro.

Equipos para uso na sala de profesorado: é preciso un ordenador de sobremesa para favorecer a realización das labores docentes tanto de preparación de contidos curriculares como de xestión.

Aula(s) de informática: 3 equipos portátiles é unha PDI para poder ter unha ratio axeitada equipo-alumno e dar unha formación de calidade neste do noso centro.

É precisa tamén unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción se se desenvolvese nesa aplicación algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro. A dita aplicación debería permitir achegar tamén: imaxes, arquivos de son, vídeos...

Por último, para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración. Ademais a negativa de facilitar equipamentos a centros non vencellados a iniciativas da Consellería obriga a que os centros debamos mercar equipos que despois non teñen cobertura por parte de AMTEGA. Este feito debe ser tratado e modificado ata que todos os centros público teñamos unha dotación suficiente por parte da Consellería.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 23-24. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de acción. Ademais,

realizaranse propostas de modificación das mesmas de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 23-24. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.